



ACLARACIÓNS DO PERÍODO DE INSCRICIÓN:

CASUÍSTICA DA CAMPAÑA 2022/2023 DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES QUE PRESTA SERVIZOS EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS

O persoal que se indica na táboa seguinte disporá dos prazos sinalados para realizar a súa solicitude telemática da cita para a revisión médica a través da plataforma informática establecida, durante a vixencia da campaña de vixilancia da saúde para o curso 2022/2023, unha vez integrado nas bases de datos correspondentes para os efectos:

PERSOAL	PERÍODO DE INSCRICIÓN
Persoal docente/non docente substituto (funcionario ou laboral)	Sempre que sexa solicitante en activo no momento da solicitude e teña cumprido o cómputo temporal establecido (65 días naturais de servizo ininterrompidos contados desde o 01/09/2022, ou desde o día seguinte ao nomeamento se este é posterior ao 01/09/2022): 20 días naturais a partir do 1 do mes seguinte a aquel no que se cumpran os 65 días traballados.
Persoal docente/non docente interino/relevista/indefinido non fixo (funcionario ou laboral)	<u>Nomeamento anterior á data de publicación</u> da Campaña de vixilancia da saúde: Prazo xeral de inscrición. <u>Nomeamento igual ou posterior á data de publicación</u> da Campaña de vixilancia da saúde: 20 días naturais a partir do día 1 do mes seguinte desde a súa toma de posesión, sempre que sexa solicitante en activo (alta no momento da solicitude).

* Permutas do persoal docente: unha vez solicitada a cita dentro do prazo xeral de inscrición, se logo obteñen outro destino por permuta, poderán modificar a cita na propia plataforma a través da opción MODIFICAR, de acordo co sinalado nas instrucións.